

RESUMO DOS RESULTADOS DAS MESAS DE TRABALLO PARA A IDENTIFICACIÓN DE RETOS E NECESIDADES DE CARA Á REALIZACIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2021-2030

Contido

INTRODUCCIÓN	3
1. Grupo 1: DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	4
MESA DE TRABAJO: EMPREGO E CONCILIACIÓN	4
MESA DE TRABAJO: EDUCACIÓN E FORMACIÓN	7
MESA DE TRABAJO: SANIDADE	10
MESA DE TRABAJO: VIVENDA	12
2. Grupo 2: CAMBIO CLIMÁTICO	15
MESA DE TRABAJO: MEDIO AMBIENTE.....	15
MESA DE TRABAJO: CICLO DA AUGA	18
MESA DE TRABAJO: EFICIENCIA ENERXÉTICA.....	21
MESA DE TRABAJO: MOBILIDADE	24
3. Grupo 3: COMPETITIVIDADE	26
MESA DE TRABAJO: Infraestruturas	26
MESA DE TRABAJO: I+D+i	29
MESA DE TRABAJO: TICs.....	31
MESA DE TRABAJO: Fomento de actuacións económicas (Industria e Servizos).....	33
MESA DE TRABAJO: Fomento de actuacións económicas (Sector primario).....	36
4. Grupo 4: COHESIÓN SOCIAL	39
MESA DE TRABAJO: Inclusión Social e Igualdade.....	39
MESA DE TRABAJO: Cultura	43
MESA DE TRABAJO 2: Emigración/Inmigración.....	47
MESA DE TRABAJO 3: Ordenación do territorio.....	50

INTRODUCCIÓN

O próximo Plan Estratégico de Galicia (PEG) pretende deseñar a Galicia do futuro, a partir do camiño xa percorrido coa posta en marcha dos dous anteriores plans. En concreto, ten por finalidade:

- Deseñar a Galicia do futuro poñendo no centro o reto demográfico, que implicará deseñar e impulsar novas medidas de dinamización pero tamén outras para garantir o benestar dunha sociedade cada vez máis envellecida.
- Dar pulo ao modelo baseado na innovación e o capital humano que favoreza unha sociedade moderna, competitiva, solidaria e cohesionada social e territorialmente, con altas taxas de emprego; aumentar a produtividade, posicionando os seus produtos por calidade e deseño, o que debe redundar en máis riqueza e benestar para os galegos e as galegas.
- Favorecer os valores diferenciais de Galicia como factores de desenvolvemento, entre os que destacan a lingua, a cultura e o medio ambiente, para facer de Galicia un lugar atractivo para traballar, investir e convivir.
- Mostrar unha senda previsible, rigorosa e estable de actuación do Goberno e impulsar e coordinar as diferentes estratexias sectoriais da Xunta de Galicia a medio prazo.

O proceso de elaboración do futuro PEG responde a unha lóxica de planificación que sitúa a realización dunha diagnose con carácter previo á definición da súa estratexia. Para levar a cabo a dita diagnose, deseñouse unha metodoloxía de traballo na que a participación dos principais axentes da sociedade galega e persoas expertas en distintos ámbitos xoga un papel crucial na identificación e definición dos retos e necesidades aos que o próximo PEG debe facer fronte no horizonte 2030.

Deseñouse, polo tanto, como parte do proceso de elaboración do plan, un procedemento participativo e deliberativo baseado na convocatoria de mesas de traballo sectoriais con participación de distintos axentes sociais, persoas expertas e representantes dos departamentos da Administración. Este procedemento artículase en dúas fases: a inicial, desenvolvida no mes de xullo de 2019, para a discusión dos retos e necesidades que se pretenden afrontar e corrixir no plan estratéxicos e unha segunda na que se proporán que medidas son as máis axeitadas e que servirá para o deseño da estratexia.

1. Grupo 1: DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

MESA DE TRABAJO: EMPREGO E CONCILIACIÓN

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Valoracións xerais:

- Aválase en xeral os desafíos propostos, aínda que destacan que os retos e necesidades deberían ser máis ambiciosos e innovadores, e que poidan ser obxectivos cumpridos no ano 2030.
- Todas as persoas participantes coinciden en apostar por un rural máis vivo, como oportunidade de futuro para o territorio.

Valoración dos Retos:

- Reto 1: Reducir a taxa de desemprego, especialmente do desemprego xuvenil.
 - Mellorar os servizos públicos de axuda á inserción: busca de emprego.
 - Procesos de asesoramento eficientes.
 - Crear un plan para aumentar a poboación activa.
- Reto 2: Aumentar o emprego indefinido a tempo completo e de calidade, así como mellorar o acceso ao mercado de traballo de colectivos desfavorecidos, ademais das persoas mozas, os parados de longa duración e as persoas en risco de exclusión.
 - Apostar por crear emprego de calidade en sectores emerxentes.
 - Regular dun xeito máis efectivo os empregos informais (falsos/as autónomos/as).
 - Evitar as xornadas parciais indesexadas e promover a estabilidade nos contratos laborais.
 - Respetar a lexislación vixente no cumprimento dos horarios de traballo e salarios.
 - Aplicación estrita de Prevención de Riscos Laborais para a mellora da seguridade nas condicións de traballo.
 - Apostar por estratexias de asesoramento personalizado para a inserción no mercado de traballo.
 - As cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción laboral e os centros especiais de emprego seguirán xogando un papel fundamental nesta integración, sobre todo en zonas rurais, polo que se deben incrementar os apoios que reciben por parte das administracións públicas.
- Reto 3: Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente daquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, orientación e adquisición e/ou actualización de competencias profesionais.
 - Facilitar que calquera persoa poida ter acceso a toda a formación que necesite.
 - Mellora educativa nas chamadas *soft skills* e nos coñecementos STEM.
 - O ensino universitario e a formación profesional deben estar moito máis adaptados ás demandas das empresas e da sociedade en xeral, así como ás necesidades de promoción e expectativas do propio alumnado.
 - Educación cunha compoñente máis práctica, apostando por fórmulas como a Formación Profesional Dual.

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- Preparar a poboación mellor para as necesidades formativas que require e requirirá a Industria 4.0.
- Reto 4: Aumentar as competencias emprendedoras e impulsar a creación de empresas e iniciativas por conta propia sustentables, facilitando o seu financiamento mellorando a calidade e eficiencia dos servizos de apoio e de consolidación.
 - Cambio cultural para non castigar o fracaso nos procesos de emprendemento.
 - Dotar de máis oportunidades ao rural a través de mellores infraestruturas tanto construtivas como tecnolóxicas.
 - Promover o emprendemento no ensino desde idades temperás.
 - Deseñar un servizo de calidade de profesionais cualificados e con experiencia persoal para o asesoramento e acompañamento das persoas emprendedoras.
 - Entidades de Economía Social como alternativa estable e de calidade para o emprego e o autoemprego colectivo.
- Reto 5: Adaptar a cualificación das persoas traballadoras ás necesidades do mercado laboral, así como mellorar a súa condición contractual para garantir o seu mantemento no emprego e permitir a súa progresión profesional
 - Aposta pola dixitalización, eliminando as fendas sociais e xeracionais analfabetismo dixital.
 - Adaptar a lexislación cara novas propostas que encaixen mellor cunha realidade empresarial e social que está a mudar continuamente, sempre con fórmulas “de calidade e garantías” para todas as partes.
 - Posta en marcha “plan de investimento de Excelencia” que aposte pola conformación de equipos de traballo coa mellor formación posible para afrontar os retos do presente e do futuro.
- Reto 6: Aumentar a contratación de mulleres, especialmente en sectores económicos que presentan un alto potencial con escasa presenza feminina.
 - Empoderamento das mulleres como centro de dinamización da economía.
 - Entidades de Economía Social para favorecer a saída laboral de mulleres.
 - Potenciar o emprego feminino noutros sectores diferentes ao terciario.
- Reto 7: Manter no mercado laboral ás persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero no ámbito formativo, educativo e laboral.
 - Visibilizar o papel das mulleres na sociedade.
 - Eliminar a fenda salarial existente entre homes e mulleres.
 - Concienciar a poboación galega sobre a importancia da corresponsabilidade.
 - Universalizar a educación de 0 a 3 anos.
 - Mellorar a situación laboral e social das persoas traballadoras por conta propia.
 - Coidado de persoas maiores, infancia e dependentes como oportunidade de emprego.
 - Racionalización e flexibilización do tempo de traballo.
 - Promover unha igualdade de oportunidades real para todas as persoas.
- Reto 8: Aumentar a participación, mantemento no emprego e a reintegración de persoas maiores no mercado laboral a través de iniciativas para a xestión da idade e a formación

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

continua das persoas traballadoras de maior idade.

- Promover o relevo xeracional na titularidade dos negocios.
 - Impulsar o autoemprego entre persoas de máis de 45 anos.
 - Crear un plan de acción para evitar a emigración, perda de traballo de persoas maiores e persoas maiores paradas de longa duración.
- Reto 9: Aumentar a integración laboral das persoas con discapacidade, a través de actuacións que fomenten a igualdade de oportunidades.
- Sensibilizar a poboación sobre a plena inclusión das persoas con discapacidade (imaxe normalizada).
 - Crear ou facilitar oportunidades de emprego para estas persoas no mundo rural.
 - Mellorar a accesibilidade.
 - Abrir novas oportunidades de emprego, facilitando a súa entrada no mercado laboral.
 - Dar cumprimento e ampliar os requisitos relacionados coa reserva e criterios favorecedores na contratación pública para centros especiais de emprego e empresas de inserción.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propónse a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Aposta decidida por fixar o talento, así como por tratar de que retornen as persoas que deixaron Galicia.
- Contribuír á permanencia na comunidade autónoma: persoas que se formen en Galicia se queden aquí a traballar con oportunidades de emprego.
- Impulsar medidas de especial atención ás persoas retornadas ou inmigrantes.
- Darlle máis facilidades e poñer en valor a figura do/a “autónomo/a consolidado/a”.
- Apostar de forma máis decidida pola Economía Social e pola Responsabilidade Social Empresarial.
- Facilitar vivendas sen coste ou a prezos moi baixos no medio rural para afianzar ou atraer poboación a estas áreas.

MESA DE TRABAJO: EDUCACIÓN E FORMACIÓN

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Valoracións xerais:

- Acordo en xeral cos retos e necesidades de acción perfilados como prioridades de acción do futuro PEG. Todas as achegas recollidas afondaron en cuestións relacionadas coa consecución de ditos retos, matizando ou completando a súa finalidade última.
- gran desafío da educación galega no horizonte 2030 será a articulación dun sistema educativo de calidade capaz de dar resposta ás necesidades formativas do conxunto da cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia. Como instrumentalizar este acceso igualitario a toda a poboación é un importante reto de futuro.
- Gran parte das argumentacións pivotaron en torno á percepción da existencia dunha fenda entre os recursos educativos existentes no medio urbano e os do medio rural.
- É necesario dispoñer de estudos e indicadores demográficos para unha correcta planificación.
- Desde a Administración educativa indícase que non é posible a provisión de idénticos recursos en áreas rurais e zonas urbanas, non só por ser inviable economicamente, senón tamén desde o punto de vista organizativo e de aplicación de metodoloxías a grupos nos que se require un quórum determinado.
- Relativízase o papel da educación como factor determinante da dinamización demográfica, fronte a outros condicionantes de maior peso para a revitalización demográfica: o emprego, o acceso á vivenda ou as políticas natalistas e de conciliación.

Valoración dos retos:

- *Reto 1. Reforzar o sistema educativo mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos “verdes”, e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital.*

É fundamental modernizar o sistema a través de programas, procedementos, metodoloxías innovadoras e novos contidos adaptados á realidade socioeconómica. Esta modernización implicaría:

- Realizar investimentos para a modernización e dixitalización do ensino, que debe chegar tamén ás áreas rurais.
- Extensión dos programas educativos máis innovadores aos centros do medio rural.
- Extensión do Bacharelato artístico a todas as comarcas.
- En xeral, métodos de aprendizaxe e contidos que aposten pola innovación e a tecnoloxía.
- Apostar por métodos de ensinanza baseados na aprendizaxe por proxectos.
- Pleno manexo de idiomas/plurilingüismo.
- Desenvolvemento de novas capacidades adaptadas á realidade económica e sociolaboral. En concreto, demándase:
 - Reforzar a ensinanza en Matemáticas como vía de aprendizaxe de competencias dixitais.
 - Extensión da modalidade de Bacharelato STEM (Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía).
 - Introducción/extensión de contidos de economía e finanzas.
 - Mellorar outras destrezas e habilidades: traballo en equipo, creatividade e habilidades comunicativas.
- Reforzar os plans de formación do profesorado, especialmente en materia de novas tecnoloxías.
- Melloras do sistema en xeral como a redución das ratios de alumnado ou a eliminación de diferenzas horarias entre os centros.

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- *Retos 2 e 3: Diminuír o fracaso escolar e mellorar a empregabilidade do alumnado, fundamentalmente o que remata a formación profesional e reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizadas e de proxectos dos centros ou os organismos competentes.*
 - O obxectivo de mellorar a empregabilidade do alumnado debe estenderse á totalidade do alumnado, non só o de Formación Profesional.
 - Para diminuír o fracaso escolar: maior dotación de medios en todos os niveis e etapas educativas; reforzamento dos equipos de Orientación.
 - Para abordaxe das necesidades específicas de apoio educativo: mellora non só nos medios para o tratamento, senón tamén para a súa detección e diagnose previa.
 - Formación do profesorado orientada á detección e atención das necesidades específicas de apoio educativo nas aulas.
 - Mellorar as medidas de atención á diversidade en todas as etapas e niveis.
 - Reducir as ratios de alumnado para atender adecuadamente o alumnado con necesidades específicas.
 - Reforzar os programas de mellora do rendemento académico e aprendizaxe (PMAR) en 2º e 3º da ESO.
 - Fortalecer e estender en centros de educación secundaria a oferta de FP Básica como vía para reducir o fracaso escolar e o abandono temperán dos estudos.
 - Levar a cabo unha análise sobre as causas do abandono dos estudos no ensino universitario.

- *Retos 4 e 5, relacionados co fomento e mellora da Formación Profesional:*
 - Recoñecemento do importante avance e esforzo realizado pola Administración galega neste eido, cunha ampla oferta de ciclos formativos.
 - Fomento da Formación Profesional en todas as súas modalidades.
 - Proporcionar unha adecuada imaxe e información sobre a FP como opción de estudo.
 - Fomento da FP Dual e reforzo do papel que debe xogar o ámbito empresarial na definición da demanda.
 - Mellora da oferta nas áreas rurais.
 - Redución de ratios.
 - Proporcionar unha ensinanza adaptada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
 - Abordar a creación dun mapa dinámico de Formación Profesional.
 - Incremento da oferta de FP Básica e extensión no rural.

- *Reto 6. Racionalizar e mellorar a oferta académica, fomentando a colaboración entre as universidades e a súa internacionalización, afondando na especialización dos campus e adecuándoa ás necesidades do contorno socioeconómico galego.*
 - Necesidade de reformular este reto, posto que condensa nun só enunciado moitos obxectivos para o sistema universitario galego.
 - Aválase a necesidade dunha racionalización da oferta de titulacións. Esta debe responder ás necesidades do alumnado e do mercado laboral, máis que ás necesidades do profesorado.
 - Necesaria continuidade da especialización dos campus.

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- A oferta universitaria debe axustarse ao contorno socioeconómico e ás necesidades e demandas do mercado laboral, sen que implique a supresión de titulacións actualmente sen saídas no mercado de traballo.
 - Continuar/mellorar o esforzo de investimentos en I+D.
 - Impulso dunha nova lei de universidades.
 - A internacionalización das universidades debería comprender a creación dun programa de mobilidade do persoal docente.
- *Reto 7. Reforzar a función que desempeña a educación na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde.*
- Discrepancia en torno a que deba constituír un reto de futuro para o sistema educativo galego:
 - Por unha banda, recoñecer o papel das familias na educación e reforzar os mecanismos de colaboración con elas.
 - No sentido contrario, non incrementar a carga de contidos transversais de educación en valores, posto que constitúe un prexuízo para a impartición das distintas materias.
 - Reforzar a filosofía e introducir novos contidos como a bioética e a educación en cidadanía dixital (valores para o acceso ao mundo dixital).
 - Inclusión de Humanidades e valores sociais tamén en todas as titulacións universitarias, incluídas as técnicas.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

A maioría dos retos e necesidades enunciados polas persoas participantes completan ou desenvolven os sete retos formulados, especialmente no que ten que ver coa modernización do sistema educativo:

- Reforzamento dos recursos en áreas rurais (recoméndase que o futuro PEG incorpore a perspectiva da necesaria garantía de calidade do ensino en todo o territorio).
- Afondar na dixitalización do ensino a través dunha axeitada dotación de medios.
- Reforzo dos contidos e métodos de aprendizaxe relacionados coa innovación e a tecnoloxía.
- Plurilingüísimo (pleno manexo de varios idiomas).
- Mellora e reforzo de destrezas básicas: comprensión lectora e matemáticas.
- Introducción de novas metodoloxías e contidos innovadores orientados á mellora de habilidades comunicativas, traballo en equipo e creatividade.

Como novos retos para o sistema universitario de Galicia propóñense:

- Introducir sistemas de avaliación da calidade do ensino e do financiamento de proxectos.
- Maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia.
- Recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega (universidades máis proactivas no impulso de cambio sociais).
- Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino, cada vez máis minusvalorado entre a sociedade..

MESA DE TRABAJO: SANIDADE

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Valoracións xerais:

- Valoración no xeral positiva sobre os retos formulados.

Proponse, ademais:

- Identificar a interiorización dos retos propostos coa reserva orzamentaria asignada a cada un no PEG.
- Visualizar as pancas de cambio dos retos, por exemplo as TIC, os recursos humanos, etc.
- Ter equipos cohesionados, nos que se traballa pensando nos pacientes, dándolles corresponsabilidade.

Máis en concreto, en relación co conxunto de retos propostos:

- Idoneidade do enfoque de asignación de recursos en función de resultados.
- Concretar cal serían as liñas de eficiencia do PEG, identificando os grandes focos de mellora.
- Engadir os conceptos de calidade, seguridade e sustentabilidade ao reto da eficiencia.
- Explicitar a estratexia operativa de coordinación entre niveis asistenciais e entre profesionais, incorporando un enfoque multidisciplinar.
- Reforzar a capacidade de análise da información. Máis que desenvolver sistemas de información trataríase de mellorar a súa explotación.
- Máis que innovación tecnolóxica, trátase de incorporar alta tecnoloxía e innovación como ferramenta de transformación tamén en procesos e tratamentos.
- Recoñecer o colectivo de profesionais como o principal valor, coidando a xestión do talento, das competencias profesionais e do coñecemento.
- Entender o reto da promoción de estilos de vida saudable como unha política transversal, na que xogan un papel a sanidade, o ámbito da educación, as empresas e o tecido sociocomunitario. A acción comunitaria debería prevalecer, polo que habería que implicar á Política social, concellos, etc.
- Promocionar publicamente os proxectos de investigación e tecnoloxías, dando resposta ás necesidades do sistema sanitario, e aumentar o número de persoas en I+D de xeito que este enfoque se converta nunha política global.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propóñese a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Medir a eficacia e a eficiencia do sistema en función dos resultados en saúde.
- Mellorar a formación e profesionalización das e dos profesionais sanitarios e demais persoal do sistema.
- Optimizar os recursos de xeito máis transversal: edificios, recursos persoais, etc.
- Procurar vías de financiamento para a investigación, a través do tecido social e empresarial.
- Situar á sanidade como polo de desenvolvemento económico.
- Promover a corresponsabilidade de pacientes.
- Potenciar a educación en saúde en todos os ámbitos: social, educativo, etc.
- Impulsar campañas de educación sanitaria.
- Tres conceptos clave: cronicidade, paciente e medicina personalizada.
- Definir un novo modelo asistencial, que teña en conta as necesidades e cambios demográficos.
- Traballar toda a área de calidade asistencial e seguridade de pacientes, medir o que se realiza e pago por resultados en saúde.
- Desenvolver unha medicina de precisión personalizada, predictiva, participativa e preventiva.
- Responder á cada vez maior especialización de profesionais.
- Incorporar a innovación tecnolóxica robótica.
- Empregar tecnoloxía na toma de decisións dinámicas.
- Incorporar novas terapias.
- Promoción e apoio á natalidade (reproducción asistida).
- Atender ao reto da calidade e seguridade no uso de medicamentos.
- Atención específica á obesidade infantil.
- Adaptar, en maior medida, a atención sanitaria á cronificación e ao envellecemento.
- Desenvolver un novo modelo de atención a pacientes crónicos.
- Implementación dun plan de coidados paliativos.
- Incorporar un plan de rehabilitación.
- Mellorar o coñecemento social do sistema sanitario.
- Establecer novos modelos de asignación de recursos para achegarse a toda a poboación.

MESA DE TRABAJO: VIVENDA

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Valoracións xerais:

- Validáronse os catro retos e necesidades propostos
- Acceso á vivenda: o máis urgente e prioritario.
- Retos e necesidades limitados polo enfoque sectorial e compartimentalizado do traballo sobre dinamización demográfica e benestar do PEG 21-30:
- conexión de vivenda con emprego, xuventude, infraestruturas e comunicacións etc.
- Outras valoracións (individuais, non consenso):
 - Dificultades de operatividade e de medición dos retos/necesidades.
 - Necesidade de atender na redacción dos obxectivos ás diferentes realidades territoriais galegas.
 - Invisibilización do traballo xa feito. Necesidade de recoñecemento para continuar mellorando desde o punto de partida actual.
Necesidade de priorizar retos/necesidades debido á limitación de recursos existentes. Implica renunciar a certas metas.

➤ Reto 1. Impulsar medidas de mellora da calidade das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático.

- Consenso no redactado proposto.
- Significado calidade en relación coas vivendas galegas: en abstracto non é operativo, é preciso definila.
- Calidade → habitabilidade → acceso ao consumo de subministracións (servizos mínimos necesarios para a vida).
- Atender ás necesidades reais da poboación local en cada contexto determinado (no rural: internet é calidade).
- A intervención pública ten que contemplar o custo real da vivenda, é dicir, non só do inmovible, senón do esforzo económico que supón mantela.
- Calidade máis alá de eficiencia enerxética.
- Reto principal: conseguir vivendas de calidade construtiva que non supoñan un sobre custo (calidade ≠ luxo). Desde o sector inmobiliario sinálase que a normativa actual xa está encamiñada a garantilo.
- A construción de calidade ten un custo que non se pode obviar: buscar alternativas para abaratar os prezos sen perder calidade.

➤ Reto 2. Mellorar e facilitar o acceso á vivenda en propiedade ou en alugueiro dos fogares, principalmente daqueles con baixos ingresos e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual.

- Reto principal e máis urgente.
- O acceso á vivenda ten que fomentarse en réxime de propiedade e de alugueiro, así como noutros sistemas máis innovadores que se adapten ás necesidades reais da poboación galega.
- O prezo como elemento clave na accesibilidade ás vivendas.
- Diverxencias de opinións sobre as estratexias a seguir para a consecución deste reto. Debates xerados en torno a:
 - Intervencionismo no mercado da vivenda.
 - Prezo da vivenda.

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- As preferencias entre incentivar o alugueiro ou a compra de vivenda.
 - Os problemas co alugueiro e o mercado de vivenda baleira.
 - A poboación que require especial atención.
- Reto 3: Mellorar a eficiencia enerxética e redución de emisións de co2 na edificación mediante a súa renovación e modernización. A redución da demanda de enerxía nos edificios require unha maior utilización dunha calefacción eléctrica limpa e eficiente, pero tamén edificios e electrodomésticos máis intelixentes e mellores materiais de illamento, en consonancia plena cos principios da economía circular.
- Reto importante, supeditado ao acceso á vivenda.
 - Eficiencia enerxética como ben de calidade mínimo, non produto de luxo.
 - O código técnico da edificación xa obriga a construír cuns estándares de calidade altos: a decisión no PEG é se é necesario superalos.
 - Eficiencia enerxética a prezos asumibles para as rendas galegas. Desde o sector de profesionais da construción sinálase que é máis caro pero que se acaba rendibilizando.
 - Concienciación da poboación: consumo efectivamente eficiente.
- Reto 4. Impulsar a rehabilitación de vivendas como alternativa eficiente e sustentable á construción de vivenda nova, en especial en cascos históricos, núcleos rurais tradicionais, e tamén no parque de vivendas con baixa calidade construtiva.
- Non xerou consenso completo. Sector de promotoras:
 - Desmitificar a rehabilitación.
 - Non rehabilitar o parque de vivendas con baixa calidade construtiva: práctica non eficiente e custosa.
 - Apostan por derrubar e volver a construír.
 - Fomento da renovación e rexeneración urbana, non rehabilitación.
 - Necesidades para o desenvolvemento efectivo deste reto:
 - Axilizar os trámites para as rehabilitacións.
 - Política sólida en materia de rehabilitación: axudas e subvencións reais, efectivas e áxiles.
 - Modificacións das normativas e dos plans de ordenación, por exemplo nos cascos históricos dalgunhas cidades.
 - Asumible economicamente, accesible e adaptada ás necesidades dos diferentes grupos de poboación.
 - Rehabilitación do parque de vivendas baleiras, especialmente as que están en posesión da Administración, que non se poñen no mercado porque a rehabilitación é demasiado custosa.

En definitiva...

- Validáronse os catro retos e necesidades propostos na documentación entregada na mesa de vivenda.
- reto 2, sobre o acceso á vivenda, é considerado o máis urxente e prioritario, sendo o resto secundarios ou dependentes deste.
- acceso á vivenda foi tamén o reto que máis diversidade de opinións xerou no debate, onde se recolleron ideas contrapostas sobre o seu significado e as estratexias para acadalo (concretamente: Intervencionismo no mercado, prezo, preferencias sobre os

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

incentivos, problemas existentes co alugueiro, vivenda baleira e poboación diana das intervencións)

- cuarto reto, sobre rehabilitación, non xerou consenso no seu inicial, xa que a pertinencia da rehabilitación da vivenda de baixa calidade foi posta en cuestión e xurdiron novas propostas como a *rexeneración urbana*. Outros sectores continúan apostando de forma prioritaria pola rehabilitación.
- No conxunto dos retos aparece:
 - a dicotomía entre a necesidade de conseguir prezos asumibles para a poboación e a necesidade de inverter para garantir a calidade dos resultados.
 - A demanda de considerar a realidade contextual galega á hora de elaborar a estratexia (as rendas, a distribución e tipoloxía territorial etc.).

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propónse a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Conseguir unha administración áxil, que facilite a tramitación e acurte os prazos existentes, axilizando a súa vez a relación entre administracións.
- Abordar a vivenda de forma interrelacionada coa súa contorna e non de forma illada, considerando aqueles elementos que afectan á calidade de vida das persoas que residen en cada zona do territorio. Polo tanto, potenciar a rexeneración urbana e unha política de territorio que garantan que todas as persoas residentes en Galicia teñan acceso aos servizos necesarios.
- Elaborar diagnoses que mostren o panorama real da situación da vivenda en Galicia, e que sexan esas diagnoses as que marquen as liñas de actuación nesta materia.
- Potenciar o mercado das segundas vivendas en Galicia (sector promotor).
- Impulsar programas sociais de prevención para evitar que persoas en situación de vulnerabilidade cheguen a perder a vivenda (sector de traballo con persoas en situación de vulnerabilidade).

2. Grupo 2: CAMBIO CLIMÁTICO

MESA DE TRABAJO: MEDIO AMBIENTE

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Consideracións xerais sobre os retos presentados:

- Maior concreción ao falar de medio ambiente, debería centrarse en cambio climático.
- Ter en conta como o cambio climático impacta nas políticas de conservación da natureza, como vai obrigar a desenvolver de forma potente unha economía circular (aínda que non dependa directamente do cambio climático).
- Hai varios datos que non parecen correctos, en concreto os referidos á temperatura, por exemplo.
- A caza é unha actividade que se realiza no 90% do territorio de Galicia e constitúense como as entidades privadas que máis invisten en conservación do medio ambiente, na sustentabilidade do sistema.
- Bótase de menos a inclusión da gandería, da que non se fai ningunha mención
- A educación e sensibilización relacionada co cambio climático pero é fundamental xeneralizar a todos os ámbitos do medio ambiente.
- En relación cos indicadores hai unha boa visión dos datos referidos a agricultura e residuos industriais, as taxas de xeración de residuos urbanos, ao referente a transporte.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propónse a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Loita contra o cambio climático: adaptación e mitigación.
- Economía circular. Xestión de residuos: urbanos e industriais.
- Conservación do Patrimonio Natural.
 - Xestión sostible do Patrimonio Forestal.
 - Protección e prevención de Espazos Naturais Protexidos: terrestres e marítimos.
- Información, difusión, educación ambiental.
- Medir impactos da agricultura, industria etc por unidade de riqueza producida (VEB).
- Sistema de indicadores estatísticos medioambientais claros e accesibles para Galicia.
- Identificación clara de en que punto estamos e a que punto debemos chegar (p.ex. segundo a axenda 2030) de acordo aos anteriores indicadores.
- Ordenación do territorio vinculada ao desenvolvemento sostible (social, económico e ambiental).
- Creación de emprego vinculada ás potencialidades que ofrece o medio ambiente e o desenvolvemento sostible (empregos verdes).
- RSE ambiental dos sectores produtivos/empresas (melloras na produción, na xestión e nos produtos e servizos para contribuír ao crecemento en termos de sustentabilidade). Redución do impacto ambiental das actividades empresariais.
- Desenvolvemento rural: loita contra o despoboamento mediante a creación de actividades económicas e servizos relacionados co medio ambiente, coa riqueza natural e paisaxística, etc.
- Promover o uso/consumo de recursos sostibles de produción galega.
- Protección dos ecosistemas ante pragas / enfermidades, incendios forestais, invasión de especies exóticas.
- Promover a fixación de CO₂ a través do incremento e xestión sostible forestal.
- I+D+i aplicado a medio ambiente.
- Afrontar os cambios sociais que xeran tendencias cara á separación urbana/rural diferencias nas percepcións sobre o medio ambiente, ámbito rural, etc.
- . Buscar o equilibrio entre a sustentabilidade ambiental, social e económica promovendo un desenvolvemento rural tradicional, de calidade diferenciada e con selo de agricultura ecolóxica.
- Cerrar en Galicia o ciclo da economía circular en residuos creando unha industria da reciclaxe para transformar os residuos que separamos en Galicia en materiais (recursos) e así evitar que se transporten a outras Comunidades Autónomas (evitando emisores de gases efecto invernadoiro con dito transporte). Contribuíndo así á creación de postos de traballo nunha industria verde, transformando así os residuos en recursos.
- Control do desperdicio alimentario.
- Diminuír emisións (%).
- Aumentar renovables (%).
- Innovación aplicada a cambio climático.
- Consumo responsable.
- Concienciación e educación ambiental.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

- Agricultura sostible + Gandería.
- Emprego verde.
- Simplificación administrativa.
- Políticas exemplarizantes.
- Compra pública sostible e verde.
- Alianza entre as partes.
- Innovación + innovación
- A necesidade de aproveitar as sinerxias positivas de tódalas partes da sociedade para a solución da problemática.
- Ser quen de dar valor á protección do medio e que entre todos o protexamos contra os incendios e contra as agresións ambientais.
- Contribuír a unha percepción o máis real posible do rural desde a sociedade urbana con unha mentalización que mitigue a distancia entre ambos.

MESA DE TRABAJO: CICLO DA AUGA

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Consideracións xerais sobre os retos presentados:

- Existencia dun “Pacto local da auga”, asinado pola Xunta, FEGAMP e entidades locais, que recolle unha diagnose e propostas de actuación.
- Partir dun traballo “sólido” e con base en datos fiables, xa consensado entre as partes que estiveron involucradas na súa elaboración e posterior aprobación. Sen diagnose, é aventurado falar de todo o demais.
- Ter en conta os “plans hidrolóxicos” (Galicia-costa, Miño-Sil) e outros indicadores estatísticos.
- O razoable sería realizar unha diagnose tendo en conta un marco de referencia que sería a base para a identificación de debilidades e fortalezas e, finalmente, definiríanse os retos.
- Ordenar os retos en diferentes bloques.
- Normalización de fontes estatísticas.
- Destácase que moitos dos problemas aos que hai que facer fronte non se resoven con investimento.
- Hai que garantir que os servizos se xestionen e que se financien de forma axeitada.
- Formación e sensibilización sobre os consumos.
- Acotar mellor o problema do consumo fronte as deficiencias das infraestruturas.
- Destácase o interese de incorporar a “garantía de calidade da auga de consumo” e enlazalo co “acceso a través das comunidades de usuarios”, facéndoas responsables da súa xestión.
- Hai que diferenciar as cuestións de carácter técnico das administrativas. Importante: xestión e adecuación das tarifas.
- Realizar unha avaliación das ameazas (mapa con ameazas, a súa orixe...).
- Diminución do uso do auga por parte da poboación. Os consumos unitarios van descendendo, pero hai que traballar moito en temas como a re utilización (incorporación doutras fontes: pluviais, grises...).
- Máis planificación e máis visión de solucións integrais (abastecemento non son só billas, senón que esas billas están conectadas coa natureza).
- Non só hai que facer plans e programas de axuda, senón que hai que poñer o foco na súa aplicación e sobre todo no seu seguimento.
- Formación e sensibilización da sociedade, e non falar só de “Galicia Costa” senón de todo o dominio hidráulico da Comunidade Autónoma, coa intervención de organismos de diferentes tipos.
- Promover e desenvolver investigación para coñecer os mecanismos e dinámicas das masas de auga.
- A importancia de traballar moito na formación/capacitación dos técnicos da Administración.
- Promover o uso de infraestruturas verdes como eixe de deseño.
- Maior consideración de “xestión integrada”, non tanto por apartados: abastecemento,

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

medio ambiente...

- Fomentar a transparencia entre institucións,
- Clarificación das competencias de cada un (CC.AA., Deputacións, entes locais, Confederacións Hidrográficas...).
- Mellora da estrutura tarifaria en función do custo do servizo.
- Promover agrupacións supra municipais para mellorar a xestión do ciclo do auga.
- Formación a técnicos municipais, que son sobre todo os que levan o día a día da xestión do ciclo do auga.
- Auga de calidade para todos.
- Grandes fugas nas grandes redes.
- Contaminación nas épocas de seca.
- Identificar, estudar e protexer as fontes.
- Transparencia na información e formación para todos.
- Problema da auga e sumidoiros no rural.
- Éxito da metodoloxía na elaboración do “Libro Verde da Auga” de Galicia.
- Reto coa xestión integral do recurso hídrico. Casar oferta e demanda, e incluir os recursos non convencionais (augas rexeneradas, desalgadas, etc.).
- Reto no ámbito industrial:
- Facer máis circular o ciclo do auga
- Concienciación e educación
- Nivel de infraestruturas da auga e o seu mantemento.
- Reto coa auga non rexistrada.
- A auga non sobra, cada vez vai ser máis escasa
- Captación, tratamento e re utilización de augas de sumidoiro.
- Os investimentos e o seu mantemento deben de ser costeados desde as empresas de servizos.
- Necesitemos fontes complementarias de auga.
- Non se dá á auga o valor que ten.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propóñese a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Necesidade imperiosa de trasladar a tarifa o custo real da auga, contemplando aspectos como a reposición, mantementos, etc. Para iso fai falta vontade política (meter o tema no debate) e amplos consensos.
 - Faise necesaria unha clarificación de competencias pero, sobre todo, que cada institución asuma as súas competencias.
 - Falta de coordinación e transparencia entre administracións, tanto a nivel de planificación estratéxica como a nivel de xestión (datos e información xeral -“revolución tecnolóxica”-, compartir infraestruturas e xestión - agrupacións supra municipais -, etc.).
 - Existe un problema derivado do cambio no réxime de precipitacións e períodos de garantía dos embalses (deseñados para outro réxime), caudais ecolóxicos... Faise necesaria a incorporación doutras fontes de auga, recursos non convencionais como a reutilización, desalgado, etc.
 - Existe un reto relacionado co modelo de xestión da auga, especialmente no rural; debería ser revisado para facelo máis sostible. Faise necesario abordar tamén o tema das fontes de auga non rexistradas.
 - Existen aspectos colaterais con elevado impacto na calidade das masas de auga, como o mantemento dos bosques de ribeira e temas urbanísticos.
 - Formación e sensibilización sobre o consumo da auga, dirixidas tanto a consumidores finais (incidindo principalmente na xente nova, para actuar sobre un “cambio de conciencia”), como a industria e agricultura como grandes consumidoras, e a persoal técnico dos Concellos. Pero para concienciar sobre o valor da auga, tamén se fai necesario, de novo, revisar as tarifas (custo real da auga).
 - Faise necesario un maior coñecemento sobre o comportamento e interacción das masas de auga desde todas as perspectivas (pluviais, superficiais e subterráneas), e aplicar coñecementos cunha visión integral do ciclo da auga (existen retos relacionados co destino dos lodos de depuración, existen retos vinculados aos novos contaminantes, etc.).
- Finalmente**, indicar que durante o debate se mencionan traballos e metodoloxías xa utilizadas que poden ser de utilidade para unha mellor diagnose e proposta de retos, entre eles:
- Pacto da auga e documento “Estudo operativo xurídico financeiro da xestión dos servizos da auga”.
 - Libro Verde da Auga de Galicia.
 - Plan Hidrolóxico (Augas de Galicia e Confederacións Hidrográficas).

MESA DE TRABAJO: EFICIENCIA ENERXÉTICA

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Consideracións xerais sobre os retos presentados:

- Considera acertados os retos contemplados no documento, tanto no que se refire ao contido coma ao orde que seguen.
- “Continuar co fomento de actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica” engadindo “e tamén do autoconsumo”. As vivendas e as empresas van a presentar modificacións substanciais, non serán soamente consumidoras de enerxía senón tamén xeradoras de enerxía. Será moi relevante crear hábitos e cultura de aforro e eficiencia enerxética, así coma dotar aos fogares de autoconsumo e intelixencia (a través das tecnoloxías IOT, Big Data, etc.). Engade a conexión deste punto con “Limitar a comercialización de equipos de baixa cualificación enerxética” e incide en que hai que dotar aos fogares de máis domótica e máis equipamento intelixente. Conclúe que o sector doméstico ha de ser un dos ámbitos prioritarios para focalizar as axudas e crear hábitos de aforro e eficiencia enerxética.
- En relación coa transición cara unha economía baixa en carbono vai mudar a forma na que se produce a enerxía: as centrais térmicas ou deixarán de funcionar ou reducirán o seu funcionamento e ganará peso a produción de enerxías renovables, ámbito no que Galicia ten un elevado potencial a escala mundial: conta cun parque de xeración moi diversificado o que supón unha oportunidade para a hibridación enerxética. En canto a enerxías renovables considera que no sector doméstico pódense lograr fogares confortables, respectuosos co medio ambiente e climatizados a prezos competitivos -o que ten un impacto na renda das familias. En canto a industria e ao sector do transporte o gran reto é estender a rede de gas e intentar que poida chegar á mobilidade e á xeración de calor en procesos industriais.
- Cando se aborda o tema do sector primario, mencionase a relevancia de incluír aos buques de pesca, aínda dependentes dos derivados do gasoil. O feito de contar con Reganosa supón unha vantaxe competitiva para a introdución do gas no sector marítimo.
- Cando se toca o punto de pobreza enerxética propónse que, ademais de proporcionar axudas económicas, habilitar unha partida para “bono social” nas distintas axudas da Xunta. Destaca que o segmento de poboación afectado por pobreza enerxética e o que conta con electrodomésticos menos eficientes e que se deberían de habilitar axudas para renovar os electrodomésticos.
- Matizar a terminoloxía técnica utilizada para ganar corrección, como por exemplo “climáticas” por “meteorolóxicas” ou “contaminación” por “emisións GEI (Gases de Efecto Invernadoiro)”.
- Fomentar a biomasa pero “sen prexudicar á calidade do aire das cidades”.
- Fomento dos edificios intelixentes.
- Dos combustibles líquidos, o gas é o combustible fundamental de transición en calor industrial. Non se ve a biomasa como combustible de futuro en calor industrial, pero vai

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

ser necesario consideralo durante un tempo en coxeración.

- A transición enerxética representa unha oportunidade para que Galicia se manteña como un referente nacional no ámbito das enerxías renovables. Para isto hai que apoiar a innovación tanto nas tecnoloxías relacionadas coas fontes actuais (eólica), coma en novos vectores enerxéticos (eólica mariña) a través do impulso a proxectos piloto.
- En canto aos sector residencial e a dixitalización do mercado eléctrico é necesario flexibilizar ó mercado enerxético para que poidan acceder novos operadores
- Deberíase de traballar na captación de recursos privados para financiar ou investir nos novos proxectos de mellora da eficiencia enerxética.
- A calidade das redes eléctricas no rural. Fálase de fixar poboación no rural pero é necesario contar con redes de calidade tanto para cuestións de vivenda como empresarial.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Unha proposta inicial de estruturación e priorización:

Visión: liderado renovable.

Obxectivos:

- Mellora da Eficiencia enerxética / Máis Aforro enerxético/ Máis Descarbonización / Máis Autoconsumo
 - Sectores (priorizando nos que menos se avanzou):
 - Residencial/vivenda/fogar/residencial (pobreza cero, vivenda mellorada, de nova construción, mantemento).
 - Primario:/Agro/Gandeiría/Pesca.
 - Transporte.
 - Servizos/Hostalaría.
 - Industria.
 - Tecnoloxías:
 - Biomasa. Biogás, Eólica. Xeotermia. Bomba de calor.
 - Hibridación de tecnoloxías.
- Crecemento económico:
 - Fomento da economía ligada á eficiencia enerxética e dos negocios baixos en carbono: novas empresas/novo tecido empresarial/ atracción de inversión/ fiscalidade.
 - Emprego: novas profesións, capacitación, formación profesional, novas titulacións. (Hai un déficit de novas profesións e capacitación para os requirimentos das novas instalacións).
- Obxectivos de carácter transversal:
 - Innovación: I+D+i, innovación non tecnolóxica, big data.
 - Concienciación. Educación. Comunicación. Formación para os maiores no uso das instalacións térmicas.

MESA DE TRABAJO: MOBILIDADE

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Consideracións xerais sobre os retos presentados:

- Aposta polo transporte público e colectivo.
- Na actualidade aínda hai moitas localidades que non dispoñen desa alternativa, tampouco o ferrocarril constitúe unha alternativa efectiva en moitas localidades.
- Transporte sostible eficiente, pero con sentido
- Transporte intelixente
- Multimodalidade
- Modernización de servizos/infraestruturas.
Se precisa dispor dunha rede de transporte público que permita desprazarse desde a orixe ata o destino a un coste razoable e nun tempo non excesivamente superior á utilización do vehículo privado.
- Seguridade
- Galicia como centro loxístico eficaz e eficiente
- Cidades sostibles/Dinamización do rural
- Transición xusta (impacto no emprego), crea emprego
- Regulación (uso do vehículo privado, competencia no transporte público...)
- Formación/Sensibilización
- Medidas incentivadoras.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propónse a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Formación/Sensibilización da cidadanía.
Desenvolverse accións de concienciación que promovan a utilización do transporte colectivo e incluso de incentivos para tal fin.
- Aposta polo transporte público e colectivo.
Desincentivar o uso do vehículo privado ofrecendo alternativas óptimas de transporte público, sostible e a un custo razonable.
- Transporte sostible eficiente, pero con sentido. Transición hasta dar co modelo de mobilidade máis óptimo.
- Multimodalidade.
- Debe potenciarse a través de nodos correspondentes.
- Transición xusta (impacto no emprego).
- Modernización de servizos/infraestruturas. As infraestruturas serán imprescindibles para permitir o despegue do transporte sostible.
- Seguridade.
A seguridade é fundamental. A “comodidade” é importante, pero de pouco serve se non hai seguridade.
- Transporte intelixente.
- Cidades sostibles/Dinamización do rural.
- Galicia como centro loxístico eficaz e eficiente.
- Medidas incentivadoras.
- Regulación (uso do vehículo privado, competencia no transporte público...)

3. Grupo 3: COMPETITIVIDADE

MESA DE TRABAJO: Infraestruturas

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Os retos e necesidades propostos inicialmente nesta mesa foron:

- Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión entre os principais eixes exteriores.
- Garantir que un alto porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións.
- Mellorar a seguridade viaria, co fin de que o número de vítimas de accidentes de circulación nas estradas galegas sexa mínimo.
- Reducir a sinistralidade e as mortes e feridos graves nas estradas.
- Priorizar o investimento en mantemento, xestión e conservación da rede.
- Rematar a rede básica de autovías e estradas autonómicas, desenvolver sistemas de transporte intermodais que fomenten o emprego dos medios de transporte colectivos.
- Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia.
- Coordinar un esquema integrado e único de infraestruturas portuarias, aeroportuarias e ferroviarias, complementadas co transporte por estrada.
- Promover solo industrial accesible mediante distintas fórmulas e acorde cos plans territoriais, os condicionamentos loxísticos e a demanda industrial.
- Asegurar o subministro enerxético de calidade a prezos competitivos.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Elaborar un Plan director de Infraestructuras que deseñe unha rede de infraestructuras viable, adaptada ás necesidades dos distintos usuarios do 2030 e de forma coordinada coas Administracións Xeral e Local

- Completar a articulación da rede de infraestructuras de transporte de Galicia. Garantir que as inversións realizadas por elas contribúen a conseguir os obxectivos fixados a nivel autonómico
- creación dunha rede integral de infraestructuras funcional, competitiva, segura, acorde coa política territorial e accesible desde os distintos territorios.
- Impulsar a implantación de novos medios de mobilidade sustentable para zonas do rural pouco poboadas e afastadas.
- Poñer en marcha sistemas de transporte intermodais que fomenten o emprego dos medios de transporte colectivos.
- Aumentar a capacidade e mellorar a calidade, funcionalidade e seguridade das vías de comunicación.
- Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia.
- Medidas que reduzan o impacto ambiental dos combustibles usados no transporte marítimo.
- Coordinar un esquema integrado e único de infraestructuras portuarias, aeroportuarias e ferroviarias, complementadas co transporte por estrada que vertebre o territorio autonómico, transformando as infraestructuras competidoras en infraestructuras competitivas.
- Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación sitúese a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións, garantindo unha rede de infraestructuras funcional, competitiva, segura, acorde coa política territorial e accesible, para contribuír na loita contra o despoboamento do rural.
- Remodelar o sistema de peaxes de forma que se mellore a competitividade.
- Impulsar medidas que analicen o uso das vías de transporte por estrada para garantir a eficacia dos investimentos en mantemento.

Seguridade e siniestralidade:

- Deseñar unha rede de centros de xestión da información do tráfico e a infraestrutura que permitan a execución de accións preventivas de seguridade viaria
- Impulsar a conexión de infraestructuras e vehículos para a realización de comunicacións e actuacións preventivas que reduzan o número de accidentes (sinalización intelixente, avisos nos vehículos)
- Instalación de elementos nas estradas que minimicen os danos en caso de accidente (estradas que perdoan)
- Mellorar a seguridade dos usuarios vulnerables con elementos de seguridade activa e pasiva nas estradas
- Coordinación coas administracións locais para o impulso de actuacións de seguridade en

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

estradas municipais e travesías

- Mellorar a seguridade viaria, co fin de que o número de vítimas de accidentes de circulación nas estradas galegas sexa mínimo
- Realizar actuacións de formación, concienciación e educación, especialmente dos colectivos vulnerables, con especial atención ás travesías e as vías próximas que conflúen co Camiño de Santiago.

Vehículo autónomo:

- Impulsar o desenvolvemento de novas tecnoloxías relacionadas co vehículo autónomo que sitúen a Galicia na vangarda do sector da automoción
- Poñer en marcha medidas que garantan unha correcta implantación dos vehículos autónomos nas estradas galegas.

MESA DE TRABAJO: I+D+i

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Os retos e necesidades propostos inicialmente nesta mesa foron:

- Incrementar o gasto en I+D+i, especialmente no referente ao gasto privado.
- Fomentar a innovación nas PEMES para ser competitivas, o investimento público para atraer investimento privado, a transferencia da investigación ao mercado e crear oportunidades para o talento investigador e emprendedor.
- Mellorar a coordinación entre centros de investigación para evitar duplicidades, potenciar as liñas máis decisivas para o futuro da investigación e aproveitar eficientemente os recursos dispoñibles.
- Consolidar os recursos humanos dedicados á investigación en todos os ámbitos.
- Reforzar a investigación, a innovación sanitaria e a transferencia de resultados á sociedade.
- Impulsar aos grupos de investigación mediante unha definición clara das súas liñas de investigación.
- Fomentar a actividade investigadora en áreas de prioridade para Galicia co apoio á investigación singular desenvolvida nos Campus de Excelencia Internacionais e nos Centros de Investigación singular.
- Potenciar o proceso de selección, formación e atracción do persoal investigador que se poida incorporar ao sistema de I+D+i universitario.
- Dotar de infraestruturas de investigación e servizos de acceso á información e á transferencia de resultados.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

A reflexión realizada na mesa de traballo identificou finalmente os seguintes retos

- Avanzar no modelo especialización e mellorar o posicionamento de Galicia como rexión innovadora: se considera fundamental avanzar en el proceso de especialización establecido por la RIS3 de Galicia, reforzando las capacidades de I+D+i en estos ámbitos de especialización y potenciación inversión en I+D+I en éstos sectores estratégicos para avanzar hacia un modelo productivo capaz de competir e innovar con respecto al resto de regiones de Europa
- Incrementar o investimento en I+D+i en Galicia, tanto por parte da administración pública, como por parte da iniciativa privada. Neste sentido, considérase prioritario:
- Fomentar a cultura de innovación nas empresas
- Establecer incentivos e programas efectivos de financiamento para I+D+i,

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

especialmente nas pemes e sectores-ámbitos de especialización de Galicia.

- Dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado (universidades, centros públicos e privados de investigación, clústeres e empresas).
- Xerar, reter e atraer talento para I+D+i en Galicia:
 - Minimizar o éxodo de talento innovador: os nosos profesionais fórmanse aquí e vanse fóra a traballar.
 - a incorporación de talento e persoal dedicado a I+D+i dos centros de coñecemento ás empresas.

MESA DE TRABAJO: TICs

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Os retos e necesidades propostos inicialmente nesta mesa foron:

- Fomentar o despregamento de infraestruturas de telecomunicación para a vertebración territorial e como catalizador da innovación e a captación de investimento e o despregamento de servizos para garantir a conectividade dixital.
- Desenvolver a economía dixital para o crecemento, a competitividade e a internacionalización das empresas. Cambio profundo do modelo produtivo para conseguir unha economía sustentable e innovadora, a través do uso intensivo das TIC.
- Mellorar a administración electrónica e solucións dixitais para unha prestación eficiente dos servizos públicos co fin de incrementar a eficacia e eficiencia das nosas Administracións e optimizar o gasto público, mantendo ao mesmo tempo uns servizos públicos universais e de calidade.
- Reforzar a confianza e seguridade no ámbito dixital.
- Impulsar o sistema de I+D+i en TIC.
- Competencia dixital da cidadanía como base esencial para un emprego de calidade, a cohesión social e a calidade de vida; a formación de novos profesionais TIC..
- A transformación e articulación dos axentes do sector TIC para convertelo en sector estratéxico de futuro e tractor do resto de sectores clave para Galicia.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Proponse a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Situar as TIC como un elemento transversal e fundamental para contribuír a dar resposta ás distintas prioridades: Demografía, medio ambiente e cambio climático, cohesión social e territorial e competitividade e innovación
- Asegurar que Galicia dispoña das persoas coa formación dixital necesaria
 - Aumentar a oferta de profesionais das TIC
 - Estimular o talento precoz no campo das TIC e fomentar o atractivo vocacional das profesións científico-tecnolóxicas entre a poboación máis nova
 - Fomentar as habilidades dixitais básicas de todos os profesionais para abordar a modernización tecnolóxica dos postos de traballo convencionais
 - Promover que a cidadanía teña as habilidades necesarias para desenvolverse plenamente na contorna dixital na súa vida privada
- Promover a especialización tecnolóxica centrándose en:
 - Non contar só coas infraestruturas de comunicación adecuadas, senón tamén as infraestruturas de computo, almacenamento e seguridade

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

- Promover o desenvolvemento e a adopción de solucións baseadas en novas tendencias dixitais disruptivas en liña co marco europeo: 5 G, intelixencia artificial, supercomputación, *big data*, ciberseguridade, etc
- Promover un clima de confianza que respecte os estándares éticos e de privacidade dentro dun marco legal apropiado
- Reduza as barreiras para a creación de empresas de base tecnolóxica e a posta en marcha de *testbed*'s que aceleren as probas piloto de solucións dixitais innovadoras
- Promover o sector das TIC como sector en si mesmo, ten amplas oportunidades de explotación.
- Fomentar a DEMANDA de solucións dixitais para:
 - Sensibilizar, difundir e formar ao tecido empresarial galego
 - Aumentar a colaboración intra e inter-administrativa
 - Promover alianzas e instrumentos que promovan a aliñación entre a oferta e a demanda
- Asegurar a aliñación estratéxica dos desafíos e necesidades do campo das TIC co establecido no proceso de reflexión da futura Estratexia Dixital de Galicia 2030 e a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia.

MESA DE TRABAJO: Fomento de actuacións económicas (Industria e Servizos)

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Consideracións xerais sobre os retos presentados:

- É necesaria unha reflexión estratéxica sobre a economía e o emprego en Galicia en 2030 que teña en conta:
 - As limitacións que supón a importancia das pemes na economía galega, o actual nivel de desenvolvemento das infraestruturas, o fenómeno de deslocalización, etc....
 - A presenza de empresas tractoras e líderes a nivel nacional e internacional en determinados sectores
 - E debería integrar os compromisos e obxectivos estratéxicos asumidos noutros plans en vigor, como a RIS3 ou a Axenda dixital, así como as reflexións previas realizadas polos axentes sociais sobre o sector (Po. Ex. o estudo do CES “Por unha alianza non sector industrial galego: 50 propostas”
 - Debe desenvolverse cunha visión de país e a longo prazo, é dicir, que o foco estea en dotar á rexión dos elementos estruturais que permitan o progreso económico e empresarial, no canto das axudas individuais. Considérase que tería maior focalización en proxectos grandes relativos a infraestruturas (loxística, conectividade,...), simplificación administrativa ou capacidades formativas e cambio cultural que dar pequenas axudas que a medio prazo non van ter efecto nos avances da rexión.
 - A visión a 2030 debería construírse con obxectivos permitan visualizar os avances a curto prazo e, á súa vez, situar adecuadamente a Galicia con respecto aos seus obxectivos a longo prazo.
- Considérase que existen varios retos transversais que teñen incidencia sobre o sector industrial:
 - Reto demográfico, a dinámica demográfica actual supón un problema en relación a dispoñibilidade de poboación activa a futuro, polo que se traslada que será necesario atraer poboación de fóra de Galicia para manter e dinamizar a actividade económica.
 - Reto en relación á dispoñibilidade e conexión de Infraestruturas como elemento básico para o desenvolvemento económico.
 - Reto Innovación e TIC, como elemento tractor de xeración de valor engadido e transformación do sector empresarial.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

A reflexión realizada na mesa de traballo, identificou como retos de Galicia para 2030 en relación á industria e servizos os seguintes:

- Transformar o tecido industrial nun tecido avanzado, intelixente e aliñado coas tendencias internacionais da Fábrica Intelixente e Industria 4.0:
 - Definir a oferta tecnolóxica e aplicar as novas tecnoloxías para o despregamento da Industria 4.0
 - Progresar na hibridación sectorial para avanzar cara á industria 4.0

Para iso considérase que hai tres retos básicos en Galicia:

- Dispoñer de talento capaz de liderar esta transformación dixital: retención e atracción de talento e capacitación das persoas e organizacións para liderar o proceso de cambio nas empresas. En relación á capacitación ponse especial énfase na potenciación do desenvolvemento de *soft- skills* (liderado, traballo en equipo, etc.), tanto nas universidades como nas empresas
 - Innovación, apostar polo coñecemento como elemento xerador de novos produtos e servizos capaces de incrementar a aportación de valor engadido.
 - Avanzar no despregamento de acceso a internet en polígonos industriais, contornas rurais, vilas e centros históricos das cidades, especialmente importante para a industria, a diversificación da actividade económica nas zonas rurais, o comercio e o turismo.
- Favorecer o crecemento das PEMEs para aumentar a produtividade e crear economías de escala asociadas a un maior tamaño empresarial
 - Fortalecer as microempresas, especialmente en sectores tradicionais e emerxentes (agricultura, turismo, artesanía) e en sectores con potencial de crecemento e exportación.
 - Avanzar na incorporación da innovación e as TIC nas pemes. Considérase que o mundo tecnolóxico evoluciona moi rápido e as empresas pequenas non teñen visión sobre as oportunidades que supón. Proponse reforzar o asesoramento e a formación sobre que tecnoloxías poden ser máis útiles, que modelos de negocio son máis adecuados á súa situación, que formación pode permitir aos empresarios escalar o seu modelo
 - Incrementar a cooperación empresarial como elemento de crecemento inorgánico das empresas, que incrementa á súa vez a competitividade e a actividade económica
 - Xerar elementos que reduzan a aversión ao risco e incentiven o investimento privado nas pequenas empresas: Lei de segunda oportunidade aplicada a PEMEs
 - Poñer en valor nos mercados a creatividade, a calidade e o produto local, producido e deseñado en Galicia.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

- Fomentar a creación e o crecemento - consolidación das empresas
 - Impulsar a iniciativa emprendedora: favorecendo o acceso ao financiamento e eliminando elementos tributarios-fiscais que inhiben o emprendemento
 - Avanzar cara ao modelo de “Portelo único”: simplificación da tramitación administrativa para a creación de empresas. Trasládase como modelo de referencia Portugal
- Aumentar o volume das exportacións. Incrementar as empresas de base exportadora evolucionando cara á exportación de bens elaborados, servizos especializados e tecnolóxicos fronte á exportación de materias primas ou bens non elaborados.
- Atraer investimentos a Galicia / incrementar o investimento estranxeiro no noso territorio: Incentivación fiscal e axudas específicas para a implantación de actividade empresarial en Galicia
- Potenciar a actividade económica vinculada ao concepto de economía circular, fronte a outros modelos que son cuestionables desde o punto de vista da sustentabilidade
- Potenciar a marca Galicia como territorio atractivo para a innovación e investimento económica. Considérase necesario a realización dunha gran campaña de comunicación que sitúe a Galicia como unha contorna atractiva para atraer investimento estranxeiro e traccionar o investimento interno das empresas galegas ou con centros de traballo no noso territorio. Enténdese que sería un elemento catalizador para a dinamización económica e a consolidación -internacionalización das empresas.
- Mellorar a política e infraestruturas loxísticas e aeroportuarias, a finalización de infraestruturas pendentes, a conexión entre modos de transporte (importante coa chegada do Ave) e a dotación de servizos avanzados nos polígonos industriais, áreas loxísticas e portos..
- Actualizar o prezo da enerxía e a política enerxética, tendo en conta que actualmente supoñen un custo moi alto para as empresas e poden chegar a supoñen un freo da produtividade das mesmas.
- Finalmente, trasládase como reflexión por parte dun colectivo de participantes que o sector turismo, aínda que é un sector en alza, debe de ter instrumentos de axuda específicos.

MESA DE TRABAJO: Fomento de actuacións económicas (Sector primario)

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Os retos e necesidades propostos inicialmente nesta mesa foron:

- Lograr explotacións máis competitivas e desenvolver o potencial das áreas rurais.
- Incentivar a mobilidade de terras coa reforma e ordenación das estruturas agrarias, de xeito que a superficie útil abandonada sirva para aumentar a base produtiva. Seguir coa introdución dos plans de aproveitamento de cultivos, a adopción de medidas de protección do medio ambiente e as medidas para evitar o abandono das terras nos procesos de concentración parcelaria.
- Elaborar un mapa de solos de Galicia.
- Mellorar as condicións produtivas das explotacións galegas mediante un acondicionamento das estruturas, os investimentos nas explotacións e a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria.
- Fortalecer as medidas para apoiar o mantemento da actividade agraria en zonas desfavorecidas de montaña e noutras zonas diferentes das anteriores mediante un sistema de indemnizacións e no que se ten en conta a especificidade das explotacións con superficies na zona de Rede Natura 2000.
- Asesorar aos traballadores e traballadoras do campo sobre os cultivos máis axeitados para cada explotación e máis rendibilizados polo mercado.
- Adoptar medidas que garantan que as granxas galegas perciban unha remuneración xusta polo leite que cubra os custes de produción.
- Aproveitamento do potencial do sector agrícola, como base da produción alimentaria de calidade. Reivindicar a utilización, consumo e distribución de produtos agroalimentarios galegos para pór en valor os nosos recursos e para xerar riqueza mediante o peche do ciclo produtivo no noso País.
- Optimizar nas industrias de transformación, de distribución e de comercialización de produtos agrarios o acceso aos mercados e mellorar a súa competitividade para garantir a súa viabilidade económica e social, co fin de favorecer a pervivencia e consolidación do tecido económico, ademais de fomentar a creación de emprego directo.
- No que atinxe ao sector pesqueiro, mellorar as canles de comercialización e da identificación e posta en valor dos produtos da industria extractiva e transformadora, e, en particular no sector da acuicultura onde a comunidade autónoma conta con un importante potencial de crecemento.
- Desenvolver un Plano Estratégico para a mellora do marisqueo e da pesca de baixura que permita a unha maior recuperación das capturas e a obtención duns ingresos dignos para manter a actividade.
- Mellorar o aproveitamento do potencial do sector forestal galego: Promover o uso de biocombustibles, promocionar o uso da madeira na construción.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

A reflexión realizada na mesa de traballo, identificou como retos de Galicia para 2030 en os seguintes::

- Fixar poboación no rural e promocionar a substitución xeracional no sector primario.
- Dinamizar a cadea de valor completa do sector primario, desde a extracción, produción, transformación e comercialización de produtos do sector primario:
 - Reforzar os instrumentos de planificación do sector primario, traballando desde análise de tendencias dos mercados
 - Dar visibilidade e difundir o coñecemento sobre a realidade actual, oferta actual de produtos galegos do sector e o impacto do mesmo, especialmente no medio rural galego
 - Fomentar a diferenciación do produto, en relación á posta en valor dos produtos en termos de calidade, produción sustentable, saudable -dieta, etc., para minimizar a competencia por prezo
 - Reforzar os procesos de transformación e comercialización, a través do control e desenvolvemento de novas canles de comercialización.
- Incrementar o tamaño e a rendibilidade das empresas do sector primario:
 - Desenvolvendo incentivos fiscais para o investimento empresarial no sector primario
 - Minimizando e eliminando trabas legislativas e burocráticas vinculadas á apertura e consolidación de iniciativas empresariais
- Renovar e modernizar as explotacións agrogandeiras, pesqueiras e forestais:
 - A través de instrumentos financeiros de apoio á modernización da mesma e introdución de enerxías renovables na mesma (P. Ex. Substitución de motores que empregan enerxía fósil por motores eléctricos)
 - Impulsando a dixitalización no sector primario e aplicación da industria 4.0 (en relación á tecnificación das tarefas e procesos, e utilización de técnicas de análises de datos como elemento que permita gañar competitividade).
- Fomentar da I+D+i no sector primario:
 - Fomentando a transferencia de coñecementos efectivo entre os axentes do sector primario galego e entre empresas complementarias e auxiliares
 - Maior investimento público-privado en I+D+i e mellorando as condicións do persoal investigador do sector
 - Proponse a creación do centro de investigación para a pesca.
- Mellorar as infraestruturas portuarias e portos pesqueiros e a conexión con outras infraestruturas de transporte
- Mellorar a xestión das importacións, igualando as condicións das importacións de terceiros países (estándares sociais, laborais e ambientais)
- Mellorar na xestión dos fondos comunitarios destinados ao sector, especialmente en relación a intervención en relación a un plan de transformación do sector. As persoas

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

asistentes trasladan a sensación os fondos FEMP [7%]) non se invisten están a “gastarse”

- Reforzar o coñecemento sobre os activos para o sector primario. Considérase necesario elaborar un Mapa de solo de Galicia que permita mellorar o coñecemento (de maneira moi dinámica) os tipos de solo, superficies, especies e especialmente interesante para os propietarios das explotacións.
- Optimizar a gobernanza do monte e a mobilidade de terras como elementos para facer máis rendibles as explotacións, eliminar ineficacias na xestión...
- Loitar contra o cambio climático e sustentabilidade para manter a actividade no sector agrogandeiro, forestal e pesqueiro #ante os efectos adversos deste fenómeno.
- Aproveitar as oportunidades que supón a economía circular para a mellora da eficiencia nas explotacións e xerar novos nichos de negocio (“Ensinar” ás empresas/produtores a sacar rendemento aos subprodutos)

4. Grupo 4: COHESIÓN SOCIAL

MESA DE TRABAJO: Inclusión Social e Igualdade

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Valoracións xerais:

- Acordo en liñas xerais cos retos e necesidades propostos se ben foron matizados e perfilados en gran medida.
- Demandaron a incorporación á redacción dos retos de:
 - Un concepto máis aberto de “inclusión”, referido ao conxunto da sociedade.
 - Un enfoque máis preventivo e menos paliativo.
 - O enfoque da interseccionalidade e discriminación múltiple.
 - O enfoque do mainstreaming/targeting, é dicir, deseñar e implementar desde políticas máis xerais ata políticas máis específicas en función das necesidades.
 - A perspectiva territorial (consideración das diferenzas da pobreza e a exclusión no medio urbano e no medio rural).
 - Maior transversalidade na definición dos retos (conexión co ámbito sanitario, fenómenos como o cambio climático, o cambio tecnolóxico etc.).
 - En xeral, un deseño de retos máis novidosos que impliquen un enfoque que garanta un cambio no modelo de atención.

Comentarios sobre os retos:

- Preocupación polo posible aumento da pobreza se efectivamente se reducen os fondos europeos. Importante asegurar o financiamento.

As distintas achegas recollidas á hora de valorar os retos e necesidades propostas foron as seguintes:

- Incluír colectivos vulnerables que non están recollidos e que debían estar expresamente mencionados, como o de persoas con problemas de saúde mental.
- Facer unha ampla referencia ás persoas ou grupos que están en situación de vulnerabilidade, independentemente do factor que a xere.
- Realizar unha mención específica á poboación xitana, pola incidencia maior da pobreza e da infravivenda entre estas persoas.
- Contemplar a pobreza infantil desde a perspectiva da infancia.
- Considerar conceptos como a herdanza da pobreza e o ciclo da desvantaxe.
- Mencionar tamén as familias con persoas en situación de dependencia a cargo, xunto coas familias con menores a cargo.
- Conectar a crianza de nenas e nenos como posible factor de exclusión co reto demográfico.
- Contemplar a inmigración non so desde o punto de vista da exclusión, senón como un activo potencial en moitos aspectos relacionado co reto demográfico.
- Incluír no reto 3 (“Eliminar a discriminación por razón de sexo e protexer e apoiar ás

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

mulleres que sofren violencia de xénero”) a discriminación por orientación sexual.

- En relación co reto 2 (“Aumentar a integración sociolaboral, a contratación e o emprego por conta propia das persoas migrantes e persoas pertencentes a comunidades marxinadas e a colectivos máis vulnerables, mediante o desenvolvemento de accións integrais que fomenten a diversidade e a igualdade de trato e a loita contra todo tipo de discriminación”) é importante definir novos modelos de formación profesional adaptada para persoas en risco de exclusión. O recoñecemento da experiencia laboral e das competencias adquiridas no estranxeiro son de vital importancia no caso das persoas migradas.
- Cando se fala do “senfogarismo” engadir referencias a situacións como o chabolismo ou outras situacións de infravivenda.
- Incluír como un elemento novo de exclusión a fenda dixital e como vai influír a transformación dixital do mercado de traballo nos colectivos vulnerables.
- Asegurar un sistema de garantía de ingresos: garantir un sistema áxil de ingresos mínimos para que as persoas accedan aos recursos básicos e garantía de recursos nos fogares nos que habite unha persoa en situación de dependencia.
- Garantir a vivenda social erradicando a pobreza enerxética.
- Conceder maiores incentivos a aquelas empresas con compromiso social.
- Poñer en marcha políticas de axudas en materia de maternidade.
- Analizar necesidades laborais reais para persoas en situación de risco.
- Simplificar a xestión das axudas das administracións.
- Poñer en marcha un comisionado para loitar contra a soidade e o impacto negativo que ten na sanidade e sobre os custos sanitarios.
- Aplicar un enfoque ás políticas sociais que sitúen a persoa como centro.
- Desenvolver modelos de acreditación de competencias por certificación profesional, e impulsar novos modelos de FP adaptada ás características e necesidades de colectivos con dificultades de inserción.
- Flexibilizar o horario nas administracións públicas.
- Implementar figuras como o mediador ou a mediadora intercultural nos centros sanitarios.
- Fomentar a conciliación da vida laboral e familiar: escolarización gratuíta dende 0-3 anos.
- Asegurar recursos para unha educación universal accesible e inclusiva.
- Fortalecer a concienciación da cidadanía ante casos de violencia de xénero, exclusión social e situacións de pobreza.
- Fomentar o apoio ao autoemprego e emprendemento e máis axudas directas.
- Profundar na coordinación das administracións públicas e as organizacións non gubernamentais.
- Engadir no reto 4 (“Facilitar o acceso e o mantemento da vivenda en condicións de habitabilidade e nunha contorna inclusiva, poñendo o foco nas familias máis vulnerables con menores, así como nos mozos e mozas”) medidas concretas como o control e a obriga de manter o parque inmobiliario.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propónse a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Necesidade de reducir a carga burocrática e simplificar os procedementos administrativos; posta en marcha dun sistema de “ventanilla única”.
- Promover o desenvolvemento do concerto social.
- Acadar a coordinación das administracións públicas.
- Inclusión da saúde mental no PEG para a súa abordaxe sistémica.
- Erradicar a pobreza e acabar coa exclusión. Disenso entre as persoas participantes ao respecto: dunha banda, propónse reducir o índice de pobreza á metade; outro sector, porén, fala de erradicala por completo na formulación como reto de futuro.
- Necesidade de levar a cabo un cambio nas políticas fiscais e acadar unha maior eficiencia nas transferencias (todo tipo de rendas e complementos para loitar contra a pobreza e a exclusión, non só a RISGA).
- Incluír no enfoque de loita contra a pobreza as novas situacións de precariedade de persoas e familias que se atopan en situación de exclusión, a pesar de ter un traballo
- Diseñar e implementar un sistema de garantía de ingresos mínimos/renda básica universal.
- Garantir o acceso a servizos sociais, sanitarios, emprego e vivendas dignas para todas as persoas.
- Fomentar unha escola inclusiva, con oportunidades para todos e todas e gratuíta de 0 a 3 anos.
- Evolucionar desde a atención á emerxencia ata potenciar a prevención.
- Aproveitar o potencial inclusivo do sector primario como fortaleza e reducir o círculo de exclusión territorial, ademais da produción doutras externalidades positivas como a economía verde ou a economía social que ofrece moitas posibilidades en canto á integración das persoas con discapacidade e doutros colectivos vulnerables.
- Erradicar o discurso do odio (xenofobia, racismo, machismo...) con medidas impulsadas pola Administración.
- Darlle un peso maior á igualdade de xénero, como estratexia de cara á conciliación, a fenda salarial, o teito de cristal etc.
- Garantir un medio urbano que permita ás mulleres participar na vida pública e privada en condicións de igualdade de forma cómoda, segura e autónoma: “urbanismo de xénero”.
- Visibilizar as mulleres rurais vítimas de violencia de xénero, tendo en conta que no medio rural se debe abordar esta temática dunha maneira específica.
- Definir adecuadamente conceptos como inclusión, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e o de accesibilidade.
- Incorporar e asignar recursos para erradicar a exclusión e a pobreza en todas as políticas públicas e áreas temáticas.
- Romper o illamento e a soidade das persoas maiores e tamén nos colectivos vulnerables.
- Aumentar a intensidade do emprego e a importancia de implicar ás empresas como suxeitos activos que poden facilitar un modelo económico e laboral centrado nas persoas.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

- Ter en conta a saúde mental como elemento asociado á exclusión. Importancia de traballar a detección temperá na escola, a cobertura público-privada, a cobertura en centros penitenciarios...
- Reducir/frear o despoboamento demográfico garantindo coidados e servizos para toda a cidadanía, incluíndo como cidadanía á poboación inmigrante.
- Asegurar a redución drástica da desigualdade entre persoas.
- Xa especificamente relacionado coa xestión de fondos (FSE), repensar os módulos económicos dos custos simplificados xa que se contan horas de atención a persoas usuarias, cando se podería ter fixado un promedio. Fixar os módulos económicos dunha maneira que contribúan a simplificar a xestión.

MESA DE TRABAJO: Cultura

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Valoracións xerais:

- Cualificáronos como moi xeneralistas e “curtopracistas”.
- Todos os retos presentan ligazóns moi fortes entre si, polo que sempre hai que analízalos como un todo e de forma interrelacionada.

Valoración dos retos:

- Reto 1: Consolidar unha visión social da cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade, e a valoración da lingua galega como instrumento-clave da nosa identidade cultural e activo útil para a cidadanía.
 - Promover a concepción social de que a cultura é unha prioridade social.
 - Necesidade de fomentar valores de orgullo sobre a identidade dos galegos e as galegas e sobre os valores tradicionais do rural.
- Reto 2: Estimular a produción e a distribución cultural de base por todo o territorio de Galicia, co fin de favorecer a democratización da cultura, isto é, a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade.
 - A cultura é fundamental para a calidade de vida dun territorio, relacionándoa mesmo coa saúde da poboación.
 - Debería achegarse a cultura a cidadanía por todos os medios, aproveitando as oportunidades que brindan as novas tecnoloxías da información e a comunicación.
 - Proponse a creación dun plan de difusión da cultura que inclúa diferentes ámbitos: educativo, teatro, cine, paisaxe, gastronomía, videoxogos.
- Reto 3. Facilitar o acceso á cultura incidindo na igualdade de oportunidades para todas as persoas.
 - As bibliotecas públicas deben reinventarse para ser máis atractivas para a mocidade, reconverténdose en espazos de intercambio e descubrimento, sobre todo no rural. Apostar pola actualización de fondos e a adaptación de espazos.
 - Idea de que a cultura non pode ser de balde: hai que poñela en valor.
- Reto 4: Promover a cooperación institucional e a boa gobernanza da cultura.
 - Articular unha estratexia global da cultura galega, coordinada entre entidades públicas, privadas e o terceiro sector que permita:
 - Compartir o creado de xeito máis sinxelo.
 - Vender conxuntamente as creacións galegas tanto no exterior como no mercado interno.
 - Protexer o talento, sobre todo o emerxente.
 - Entender o mundo cultural como unha cadea de valor onde todos son de interese para o resto
- Reto 5: Asentar un tecido social e empresarial potenciado e fortalecido que desempeñe una actividade que cree riqueza.
 - Cómpre promocionar e apoiar a cultura como un medio de vida, xa que é unha gran xeradora de riqueza para o territorio.

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- Por iso, hai que apostar pola profesionalización das persoas creadoras. Para dinamizar esta aposta pola profesionalización é necesario:
 - o Promover programas de mecenado.
 - o Incentivos tributarios.
 - o Converter a Galicia en captadora de investimentos externos.
 - o Apoiar decididamente os talentos emerxentes.
- Reto 6: Promover a difusión e a posta en valor do patrimonio cultural e fomentar as accións destinadas a investigar e ampliar o seu coñecemento e as súas necesidades de conservación, restauración e rehabilitación.
 - Resulta necesario especificar “patrimonio material e inmaterial”.
 - Débese promover a investigación cultural, especialmente fóra do ámbito universitario.
 - Proponse crear un instituto de Patrimonio que sexa referente-guía para o resto de entidades e sociedade, promovido pola Administración Pública e con a participación de todo o sector cultural.
- Reto 7: Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia.
 - obxectivo xeral podería ser lograr que Galicia se converta nun referente internacional na xeración de contidos, estendendo en todo o mundo as creacións galegas. Para iso proponse:
 - o Impulsar campañas promocionais no estranxeiro que vendan a “Marca Galicia” e os seus contidos.
 - o Crear un grupo de traballo que centralice toda a promoción exterior, para que se faga de xeito coordinado.
 - o Establecer alianzas con terceiras entidades foráneas e españolas.
 - o Galicia debe converterse en captadora de investimentos internacionais para o mundo cultural.
 - o Impulsar a través de accións formativas de calidade a figura de axentes culturais especializados na internacionalización.
 - o Estender a produción galega: por exemplo, con videoxogos ambientados e creados en Galicia.
- Reto 8: Fomentar o uso das novas ferramentas dixitais e tecnolóxicas para o desenvolvemento da cultura en todas as súas facetas, potenciando o posición amento da cultura galega no marco da sociedade dixital.
 - Posicionar a Galicia como un referente internacional na xeración de contidos.
 - Papel central das novas tecnoloxías da información e a comunicación, xa que permitirán que todo tipo de público sexa capaz tanto de crear contidos como de consumilos (democratización da cultura).
 - Apoiar a todas as persoas que aposten por innovar en novos soportes tecnolóxicos. • Promover o “turismo cultural dixital”.
- Reto 9: Apoiar a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, así como a colaboración entre as institucións públicas e privadas no ámbito da cultura.

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- Promover a coordinación entre organismos públicos, privados e co terceiro sector para impulsar estratexias conxuntas tanto cara o exterior como internamente.
- Galicia debe prepararse para innovar moito máis rápido do que viña facendo ata o de agora.
- A cultura debe marcar posición en primeira liña.
- Reto 10: Asegurar a calidade dos servizos públicos culturais: bibliotecarios, museísticos, arquivísticos etc.
 - É prioritario repensar cal debería ser o papel que deberían xogar as bibliotecas e outros espazos públicos en 2030.
 - Redeseñar case por completo a Corporación Radio e Televisión de Galicia.
 - A CRTVG debe ser un “elemento exemplificador” para toda a cidadanía.
 - Redeseñar e democratizar a súa xestión.
 - Suprimir os “programas lixo”.
 - Incrementar a programación cultural de calidade.
- Reto 11: Continuar co proxecto da Cidade da Cultura de Galicia como colaborador do emprendemento, da tecnoloxía e da programación da cultura galega.
 - Escaso interese das persoas participantes en tratar este punto.
 - A Cidade da Cultura debe estar integrada na vida cultural de Galicia, adaptando os seus espazos á produción cultural e non ao contrario.
 - Que sirva de referente para albergar os distintos órganos de coordinación e entes que se foron nomeando no resto de retos.
- Reto 12: Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos e desenvolver actividades de formación do galego.
 - Unha parte significativa de integrantes da mesa defendeu que se debe transformar totalmente a política lingüística de promoción do galego.
 - Estratexias para a promoción do difusión do galego:
 - Manter e promover a diversidade dialectal do idioma.
 - Apostar polo seu uso tamén en contextos máis formais e técnicos.
 - Potenciar a CRTVG como elemento exemplificador do uso do galego.
 - Buscar fórmulas que faciliten que a xente nova utilice o galego, tanto en ámbitos rurais como urbanos.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propónse a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Aumento real dos orzamentos da Xunta de Galicia destinados á cultura.
- Promover o consumo cultural de alta calidade, preferiblemente en galego. Por exemplo: grandes espectáculos ou música clásica, entre outros.
- Eliminar a precariedade laboral no sector cultural, sobre todo no que ten que ver coa fase creativa.
- Débese modificar a lexislación vixente para adaptala á realidade da cultura.
- Promover a participación activa das persoas maiores. Serían un importante activo a ter en conta, actuando como axentes culturais, podendo establecerse canles de interacción coa poboación máis nova, a través do impulso de iniciativas interxeracionais.

MESA DE TRABAJO 2: Emigración/Inmigración

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Valoracións xerais:

- Necesidade de modificar o enfoque xeral na formulación de retos e necesidades de futuro neste ámbito: O PEG debe incorporar un enfoque positivo dos movementos migratorios, da emigración galega e, sobre todo, da inmigración. Emigración/inmigración como potencial/riqueza vs. problema/ameza.
- Enfoque do PEG sobre a cuestión migratoria: debe configurarse como un instrumento integral de acción que faga de Galicia un lugar atractivo para residir e que teña como obxectivo atraer nova poboación para a revitalización demográfica.
- As problemáticas da poboación foránea non difiren das da poboación autóctona: dificultades de acceder ao mercado laboral, falta de recursos públicos (para a conciliación, por exemplo), problemas de acceso á vivenda, insuficiencia de axudas para paliar situacións de pobreza etc., pero si vense agravadas pola súa situación (especialmente a de quen se atopan en situación irregular).
- • Recoméndase a redacción dos retos con linguaxe inclusiva non sexista e substituír o termo “integración” por “inclusión” con carácter xeral.

Valoración dos retos:

- Reto 1: Garantir a cobertura socioasistencial ao máis de medio millón de galegos repartidos polo mundo.
 - Imprescindible garantir esta cobertura, tanto á comunidade galega no exterior como á poboación inmigrante.
- Retos 2, 3 e 4, relacionados coa igualdade de oportunidades, o acceso ao mercado laboral e a inclusión social da poboación inmigrante:
 - Dificultades de acceso ao emprego; presenza en traballos na economía somerxida.
 - Feminización de traballos relacionados co coidado de persoas.
 - Atrancos múltiples asociados á normativa sobre estranxeiría.
 - Demándase:
 - A mellora da homologación dos títulos, un proceso actualmente dificultoso. Pídese maior flexibilidade na homologación das capacidades, así como unha redución de tempos para este procedemento.
 - A creación dun rexistro actualizado de postos de traballo con maior demanda no mercado.
 - En materia de inclusión social debe traballarse desde unha óptica que transcenda a situación legal da poboación estranxeira, é dicir, en favor da inclusión social e laboral de todas as persoas que chegan a Galicia, con independencia de que se encontren en situación regular ou non.
- Reto 5: Potenciar os cursos de idioma, xa que resultan esenciais para a integración social e laboral da poboación inmigrante con lingua materna diferente.

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- Recoméndase un enfoque aberto e inclusivo para a mellora das capacidades de comunicación de todas as persoas.
- Reto 6. Facilitar o acceso aos servizos públicos de acordo á lexislación vixente, especialmente a aqueles programas que teñen algunha liña de actuación dirixida principalmente á poboación estranxeira.
 - Acceso universal, aplicable aos galegos e galegas do exterior que retornan a Galicia, así como ao conxunto da poboación con outras nacionalidades, con independencia da súa situación administrativa.
 - Acceso a recursos sociais (vivenda, axudas de inclusión, sanidade, discapacidade etc.) que debe realizarse atendendo á situación de urxencia social.
- Reto 7. Reforzar os programas de saúde pública, dirixidos especialmente á poboación inmigrante.
 - Igualdade no acceso á sanidade pública, gratuíta e universal.
 - Supresión no enunciado da referencia á poboación inmigrante.
 - Consideración da problemática das necesidades de saúde da poboación migrante maior.
- Retos 8 e 9, relacionados coa inclusión educativa deste sector da poboación:
 - Universalizar os apoios a estas persoas con independencia da súa situación administrativa.
 - Fortalecer os programas de apoio para o reforzo escolar e a superación dos desfasamentos lingüísticos.
 - Traballar pola plena inclusión nas aulas.
- Reto 10: Impulsar a participación da poboación inmigrante en todos os ámbitos da sociedade, fomentando unha integración cívica que implique unha relación activa coa poboación española, que consolide unha convivencia integral.
 - Traballo pola inclusión non só coa poboación foránea, senón tamén coa poboación autóctona, de cara a garantir unha convivencia integral e activa.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propónse a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Unificación dos requisitos para o empadramento en todos os concellos de Galicia.
- Creación dun Observatorio das migracións en Galicia, vinculado a algunha das universidades galegas. Confírmase a insuficiencia de datos sobre a poboación migrante, sobre todo os relativos ao mercado laboral.
- Instar á modificación da lexislación en materia de estranxeiría.
- Maior flexibilidade na concesión dos permisos de traballo.
- Reforzar os mecanismos de atención ás persoas menores de idade non acompañadas.
- Mellorar o acceso á vivenda, ben a través de programas de acceso ao alugueiro (bolsas), ben a través da regularización de prezos e o impulso da vivenda pública.
- Facilitar un retorno ordenado a Galicia de galegos e galegas no exterior, persoas de segunda e terceira xeración que poidan asentarse en Galicia. Para iso, impulsaríanse medidas de acceso ao emprego, como as axudas ao emprendemento e outras medidas que favorezan a plena inclusión social.
- Impulsar plans de retorno e de inserción laboral de persoas inmigrantes asociados a sectores de traballo que presentan déficit de emprego.
- Incrementar a poboación foránea. Desde a óptica de facer de Galicia un lugar atraínte para residir e coa finalidade de dinamizar demograficamente a nosa comunidade, un dos retos futuros debe ser aumentar a poboación foránea (de nacionalidade estranxeira e de galegos e galegas do exterior). Para iso sería conveniente establecer un indicador numérico: ata que porcentaxe se quere chegar e en canto tempo; se se quere achegar á media española (en torno a un 10%) etc.
- Potenciar a regularización das persoas inmigrantes en situación irregular.
- Simplificar os trámites administrativos aos que deben facer fronte as persoas migrantes.
- Instar ao recoñecemento de dereitos políticos no eido local: dereito ao voto para persoas estranxeiras non comunitarias.

MESA DE TRABAJO 3: Ordenación do territorio

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

Comentarios xerais sobre os retos:

- Validáronse de forma xenérica os retos e necesidades propostos. Porén, xúlganse insuficientes no seu redactado actual.
- Considérase que os retos e necesidades recollidos teñen un enfoque limitado e non atenden á ordenación do territorio de forma integral, deixando
- desatendidas certas realidades.
- Consenso na necesidade de impulsar a coordinación administrativa e a planificación supramunicipal como reto principal
- Identifícase unha ausencia de atención e/ou priorización da cohesión social.
- Necesidade de entender os retos que ten Galicia por diante no seu contexto europeo, e non de forma illada.
- Necesidade de basear a estratexia nos instrumentos de ordenación do territorio existentes.

Valoración dos retos:

- Reto 1: Promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interadministrativas, que racionalicen a oferta e a demanda de servizos nas áreas periurbanas e rurais.
 - Consenso sobre a falta planificación, programación e coordinación entre administracións. A falta de disciplina de coordinación vista como problema global.
 - Falta de visión de conxunto para o desenvolvemento de actuacións públicas.
 - Apostar por:
 - Un mellor aproveitamento dos recursos xa existentes (administracións e outros axentes).
 - Non duplicación administrativa.
 - Eliminación ou simplificación de procesos burocráticos.
 - As áreas periurbanas son xa áreas privilexiadas, non deben ser o foco de atención prioritario. O foco debe estar nos nodos de poboación
- Reto 2: Establecer modelos de negocio e desenvolvemento que fomenten a diversificación dos nichos de mercado laboral rural. Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+d+i e facilidades para a súa implantación. Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos.
 - Consenso: necesidade de dinamizar o rural e o litoral a través dun impulso económico rendible que permita a dinamización da demografía.
 - Actividade económica como motor fundamental garante da calidade de vida, imprescindible para fixar poboación no rural.
 - Sistemas de produción que diversifiquen as opcións laborais, revitalizando terras abandonadas e xerando sinerxías entre sectores produtivos.

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- Impulsar sistemas multifuncionais que promovan a diversidade de usos dun mesmo territorio.
 - Potenciar o desenvolvemento de actividades económicas encamiñadas á transformación das materias primas.
 - Repensar o sector da industria agraria, fomentando o retorno á produción minifundista.
 - Manter e aproveitar a marca Galicia/Horta galega baseada na calidade dos seus produtos.
 - Impulso á formación, á investigación e á innovación, achegándoa ao territorio para garantir a súa accesibilidade. Formación aplicada con vínculos e sinerxías coas industrias.
 - Buscar alternativas económicas viables que permitan ao rural desprenderse das subvencións e vivir autonomamente.
- Reto 3: Mellorar os medios de transporte colectivos especialmente no que atinxe ás conexións rural-urbanas, completar as infraestruturas rurais modulando axeitadamente as necesidades e as actuacións propostas.
- Fundamental para vencer o illamento físico de certas áreas do territorio e para a reorganización de servizos.
 - Redactado actual insuficiente. Erro: centralo exclusivamente nas conexións rural-urbanas para persoas. Necesario:
 - Conectar zonas rurais-rurais e litorais-litorais
 - Desenvolver infraestruturas de transporte para o desenvolvemento de actividades económicas.
 - Infraestruturas de transporte multifuncionais que dean reposta a diferentes necesidades de forma sinérxica (persoas e actividades económicas).
 - Fomentar a mobilidade peonil. • Establecer un modelo de mobilidade metropolitana intermodal que permita a conexión da totalidade do territorio.
 - Sistemas públicos de transporte sofisticados e adecuados para conectar as diferentes realidades territoriais e dean solucións as necesidades da poboación local.
 - Obstáculo: falta de coordinación entre administracións. Posible solución: organización dos concellos en mancomunidades ou áreas metropolitanas para a xestión conxunta do transporte e doutros servizos.
 - Cambio cultural que limite a utilización do vehículo privado.
- Reto 4: Impulsar o modelo territorial de Galicia definido nas directrices de ordenación do territorio: acción integral de desenvolvemento económico ata constituírense nun auténtico plan de como se quere ocupar o territorio de Galicia a nivel poboacional e administrativo, tendo en conta o gran reto que supón a transformación demográfica de Galicia con especial impacto no rural.
- Os retos parecen referidos ao desenvolvemento das DOT existentes. Falta de desenvolvemento:
 - Dos sistemas urbanos.
 - Do sistema urbano intermedio (cabeceiras de comarca, subcabeceiras e núcleos de equilibrio territorial)
 - Da realidade interior de Galicia: os criterios responden só á realidade litoral,

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

- podendo ter efectos negativos de aplicarse no rural interior.
- Necesidade de articular a ordenación territorial tendo en conta
 - o A multifuncionalidade do territorio, articulando os sectores produtivos, recreativos e culturais de forma sinérxica.
 - o A necesidade dun Plan de Ordenación do Medio Físico a nivel autonómico, encamiñada a ampliar o ecosistema e a xestión medioambiental.
 - o A importancia das infraestruturas verdes.
 - Reto 5: Levar a cabo unha ordenación integral do territorio e dos usos do solo adaptadas á realidade actual do medio rural, coa implantación de diferentes fórmulas de reestruturación da propiedade e dos usos da terra. Elaboración dunha estratexia de aproveitamento multifuncional do monte, acorde coas súas aptitudes produtivas e coas demandas da sociedade.
 - Impulsar a coordinación interadministrativa e interdepartamental na ordenación dos usos do solo.
 - incorporar prioridades de conservación da biodiversidade.
 - Recuperar e poñer en valor as terras agrarias produtivas: mobilización das terras que se atopan en estado de abandono.
 - Revitalizar o minifundio como modelo territorial de produción, fomentando o uso da totalidade de propiedades.
 - Reto 6: Planificar de forma integrada e transversal servizos (educación, sanidade, transporte, vivenda, dependencia) que cubran necesidades
 - Problema máis relevante: falta de coordinación entre administracións, incluso no intercambio de información.
 - Desenvolvemento de servizos e infraestruturas planificados globalmente, por riba das divisións administrativas locais, para a racionalización dos recursos. Avanzar no carácter non local dos servizos e dotacións.
 - Evitar infraestruturas e dotacións non planificadas, fomentar prácticas urbanísticas responsables e unha ordenación do territorio corresponsable.
 - Potenciar a accesibilidade da información xerada por distintas administracións para a toma de decisións.
 - Non ir contra o municipalismo pero facer unha ordenación do territorio que responda a criterios globais e sirva ao interese xeral.
 - Xorden voces que alertan dos perigos derivados da planificación *top down*: diferencias entre planificación rural e urbana, non desatender os diferentes retos territoriais, senón adaptarse aos mesmos na planificación.
 - Posible ampliación do reto: racionalización dos núcleos de poboación, non só os servizos. Proposta: deseñar un novo mapa municipal para Galicia *desde arriba*, integrando as diferentes escalas territoriais existentes. Advertencias sobre o perigo das políticas de concentración da poboación: deixan territorio despoboado, que se degrada afectando ao conxunto de Galicia (auga limpa, aire puro, control de incendios etc.)
 - Reto 7. Desenvolver estratexias que permitan o acceso da poboación ás tic e á administración electrónica e eliminar a fenda dixital a nivel xeográfico e social
 - Consenso: relevancia e urxencia de acabar coa fenda dixital a nivel xeográfico e social

VALORACIÓN DOS RETOS E NECESIDADES

nun prazo de entre un e cinco anos.

- Importancia do acceso ás TIC tanto a nivel individual como a nivel económico (creación e consolidación de tecido empresarial).
- Acceso a internet como ferramenta para a fixación de poboación no rural.

En definitiva:

- Validáronse de forma xeral os retos e necesidades propostos na documentación entregada na mesa de territorio. Porén, considéranse insuficientes no seu redactado actual.
- Identifícase unha falta de integridade dos retos e necesidades propostas no tratamento do territorio galego, considerándose que a súa formulación deixa desatendidas partes importantes do territorio e da poboación.
- A mellora da coordinación entre administracións e a planificación supramunicipal identifícase como o reto máis relevante e transversal, sendo condición necesaria para un correcto desenvolvemento do resto de retos propostos. Considérase que a dita coordinación e planificación supramunicipal debe conseguirse a partir da reorganización dos recursos existentes, non da creación de novos organismos.

NOVOS RETOS E NECESIDADES IDENTIFICADOS

Propóñese a inclusión dos seguintes retos adicionais:

- Mellorar a imaxe do rural, tanto da parte empresarial como do feito de vivir no rural.
- Harmonizar a lexislación e a normativa existentes en materias de territorio, urbanismo, paisaxe, ordenación urbana etc.
- Desenvolver territorios piloto sustentables no rural, onde se concentrarían os investimentos, recursos e servizos co obxectivo de fixar poboación.
- Conectar o territorio galego con outros territorios nacionais e internacionais.
- Desenvolver un modelo territorial non metropolitano, adaptado á realidade galega e que sirva de exemplo para outros territorios europeos.
- Incorporar a perspectiva ecoloxista en todos os retos.
- Desenvolver sistemas multifuncionais e infraestruturas verdes.